PROGRAMA DIDÁCTICO

CASTRO DEZA

LENDAS, CASTROS, GASTRONOMÍA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

riasbaixas

CastroDeza

O territorio da comarca de Deza foi escollido polos nosos antepasados da Idade do Ferro como un excelente lugar para vivir, establecéndose en asentamentos permanentes e monumentais que coñecemos co nome de castros. Con eles xorde unha nova organización do territorio e unha forma de entender o mundo que perdurou no tempo, deixando unha forte pegada que aínda percibimos hoxe.

Deza é unha comarca profundamente marcada pola cultura castrexa, particularidade que se deixa ver na paisaxe, que se fai evidente no imaxinario popular e que pon de manifesto no ámbito gastronómico.

Que é CastroDeza?

Un espazo museográfico baseado nas novas tecnoloxías, atractivo e innovador; **orientado á conservación, divulgación** e posta en valor do rico patrimonio paisaxístico, cultural e gastronómico que atesoura esta comarca.

Que ofrece CastroDeza aos centros escolares?

A posibilidade de **experimentar a cultura castrexa dun xeito diferente,** de descubrir un mundo máxico de mitos e lendas, e de coñecer unha das gastronomías máis saborosas e con máis personalidade do noso territorio.

O programa didáctico

A proposta didáctica de CastroDeza fundaméntase nun **programa de actividades instrutivo e ameno**, sempre adaptado ás necesidades e particularidades de cada grupo e nivel educativo –incluído o alumnado con NNEE-.

O presente programa didáctico está baseado en dous tipos de experiencias educativas: as visitas ao espazo expositivo e a realización de obradoiros, cuxa temática xira ao redor da cultura castrexa, as lendas e a gastronomía da comarca de Deza.

Estas actividades están **deseñadas para estimular a imaxinación e espertar a curiosidade n@s alumn@s**. Con elas o que se pretende é que os rapaces acaden novos coñecementos, pero tamén que desfruten da experiencia e que poidan aprender divertíndose.

Obxectivos do programa:

1. Ofrecer aos grupos escolares a posibilidade de vivir **unha experiencia didáctica e amena, en relación coa cultura castrexa**, as lendas e a gastronomía da comarca de Deza.
2. Favorecer actitudes de **protección e conservación do patrimonio** material e inmaterial.
3. Considerar aos **alumnos como axentes activos** que poden construír ou modificar as súas estruturas de coñecemento a partir da interacción co monitor e cos recursos da exposición.

Visitas guiadas

1. VISITA GUIADA BÁSICA:

Acompañad@s por un guía e coa axuda dos orixinais recursos interpretativos que posúe a exposición, @s alumn@s **descubrirán os aspectos máis destacados da cultura castrexa** e do seu impacto na paisaxe, na memoria colectiva e na gastronomía da comarca de Deza.

Duración aproximada: 45 min.

2. VISITA GUIADA LÚDICA:

A visita á exposición vai acompañada por outras dúas actividades, **un obradoiro a escoller da oferta permanente e un xogo** sobre transmisión oral e cultura inmaterial.

Duración aproximada: 120 minutos, incluíndo un pequeno descanso.

Os grupos escolares poderán reservar máis dun obradoiro, así como axustar os tempos e os contidos en función das súas necesidades e intereses. Sempre que se reserve coa antelación suficiente, teñen a posibilidade de deseñar a experiencia á súa medida.

Obradoiros

1. Guerreiros de Deza

Caetra, sagum, torques, viria... Queres coñecer o significado e experimentar con estes e outros obxectos que formaban parte da vestimenta dos guerreiros da Idade do Ferro?

>> Destinatari@s: Ed. Infantil e 1º ciclo de Ed. Primaria. NNEE.

>> Duración: 40 minutos.

Tras amosar como era a indumentaria habitual na Idade do Ferro e os elementos que compuñan a panoplia propia dos guerreiros, @s nen@s elaborarán con diverso material unha das armas fundamentais que tod@ guerreir@ castrex@ que se prece debe ter... a caetra!

2. Laboratorio castrexo

Dende o seu descubrimento ata que pasa a formar parte da vitrina dun museo, unha peza arqueolóxica pasa por varias etapas. Descubre as diferentes fases deste proceso no noso louco laboratorio.

>> Destinatari@s: 2º e 3º ciclo de Ed. Primaria, Ed. Secundaria, Bacharelato. NNEE.

>> Duración: 40 minutos.

A imaxe idealizada que temos dos arqueólogos é a de aventureiros, buscadores de grandes tesouros. Na aula didáctica comprenderemos que o realmente importante son os obxectos como fontes de información, pequenas pistas que agochan a historia de persoas que viviron moito antes ca nós. Este obradoiro permitirá aos escolares comprender a importancia do traballo arqueolóxico e da conservación do noso patrimonio.

3. Alumea no poboado

Aprende a controlar o único dos catro elementos da natureza capaz de congregar ao seu redor á comunidade humana e de contribuír no seu desenvolvemento como sociedade: o lume.

>> Destinatari@s: Ed. Secundaria e Bacharelato.

>> Duración: 40 minutos.

@s alumn@s coñecerán, dun xeito atractivo e diferente, a importancia que para o desenvolvemento da humanidade tivo o control sobre a produción de lume; así como a súa evolución e usos pola sociedade castrexa. Ademais, neste obradoiro practicarán con diferentes técnicas prehistóricas para lograr facer lume.

4. Fusaiola e liño

Que frío vas pasar se non dominas a arte do tear! Proba o traballo con teares, unha actividade tradicional moi vencellada aos nosos antepasados, os castrexos.

>> Destinatari@s: Ed. Primaria e Ed. Secundaria. NNEE.

>> Duración: 40 minutos.

Grazas á arqueoloxía, sabemos que a artesanía téxtil foi unha das actividades que máis se realizaron no interior das vivendas castrexas. A maiores de coñecer o proceso téxtil e o seu significado social na Idade do Ferro, nesta actividade @s nen@s experimentarán o traballo con teares.

5. O bosque animado

Coñece a simbiose entre o ser humano e a paisaxe, testemuña do noso paso pola historia. Non permitas que se perda esta conexión, experimenta coa natureza e deixa a túa pegada.

>> Destinatari@s: Ed. Primaria. NNEE.

>> Duración: 40 minutos.

A temática desta actividade xira arredor da estreita relación que @s castrex@s mantiveron coa natureza e a intensa transformación que sufre a paisaxe na Idade do Ferro. @s nen@s traballarán con diverso material de refugallo e elementos vexetais para crear a súa propia paisaxe, tomando así consciencia da importancia do noso patrimonio natural e do respecto polo medio ambiente.

6. No San Martiño, porco e viño

Porco, grelos e tradición, todo ben mesturado nunha saborosa cocción! Descubre en que consiste a tradicional porco killing galega, coñece os produtos e pratos máis prestixiosos da comarca e contribúe ao famoso receitario dezano coas túas innovadoras propostas.

>> Destinatari@s: Ed. Primaria e 1º Ciclo Ed. Secundaria. NNEE.

>> Duración: 40 minutos.

Coa realización deste obradoiro, pretendemos que os rapaces valoren a gastronomía como elemento estrutural dunha sociedade e dun territorio. Indagar sobre a obtención dos alimentos, o seu procesado e a súa evolución dende a época castrexa, serán as ferramentas que lles permitan idear receitas á altura das máis prestixiosas da comarca.

7. Conto tablet

Sube na nosa máquina do tempo e acompaña a Xoan e a Carolina nunha sorprendente viaxe ao pasado que che permitirá descubrir outras épocas e sabores.

>> Destinatari@s: Ed. Infantil e 1º e 2º ciclo de Ed. Primaria. NNEE.

>> Duración: 40 minutos.

Trátase dun obradoiro baseado nunha aplicación para dispositivos móbiles: unha ferramenta educativa que permite a creación de historias de forma sinxela e intuitiva, que complementa e reforza os contidos presentados na visita á exposición. @s nen@s poderán elaborar contos únicos e diferentes, escollendo escenarios, seleccionando personaxes, engadindo sons...

OBRADOIROS	INF	PRIMARIA			SECUNDARIA		BACH.	NNEE
	CICLOS							
	2º	1º	2º	3º	1º	2º		
Guerreiros de Deza	●	●						●
Conto Tablet	●	●	●					●
O bosque animado		●	●	●				●
Laboratorio castrexo			●	●	●	●	●	
Fusaiola e liño		●	●	●	●			
No San Martiño, porco e viño			●	●	●			
Alumea no poboado					●	●	●	

Roda o muíño... prepara o fociño!

Os alimentos, en concreto o seu consumo e procesado, constitúen unha parte esencial para o coñecemento de calquera cultura, incluída a nosa.
Roda o muíño... prepara o fociño! é **unha proposta didáctica deseñada de maneira conxunta por CastroDeza e o Museo Etnográfico Casa do Patrón**; coa finalidade de dar a coñecer a cultura castrexa e a forte pegada que deixou nos nosos usos e costumes, especialmente no ámbito gastronómico. Unha actividade que conxuga historia, patrimonio e tradición; **unha experiencia de medio día ou día completo** que, sen dúbida, contribuirá a que os rapaces comprendan a sociedade actual como resultado da evolución ao longo do tempo, converténdose nos protagonistas desta transformación.

Opción 1: Visita guiada aos dous espazos
Opción 2: Visita guiada + actividade combinada
Destinatari@s: Ed. Primaria e Ed. Secundaria

Máis información:

- **CastroDeza:** castrodeza@depo.es 986 781 608
- **Casa do Patrón:** info@museocasadopatron.com 986 692 203 – 635 939 890

E se queredes saber máis ...

Completade a vosa xornada en CastroDeza coa visita ao Pazo de Liñares: unha das grandes casas fidalgas das Comarca de Deza que **alberga no seu interior o Museo Galego da Marioneta e o Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico (CXCA).**

Visitar de maneira conxunta ambos espazos permitiravos combinar dúas experiencias diferentes pero absolutamente complementarias:

- **En CastroDeza** participaredes dunha ou varias actividades baseadas nas novas tecnoloxías, que vos permitirán coñecer a cultura castrexa e o patrimonio inmaterial que leva asociado dun xeito didáctico e ameno.
- **No Pazo de Liñares**, ademais de visitar esta xoia da arquitectura rural galega e de coñecer o mundo máxico dos monicreques e as marionetas, observaredes como traballan os investigadores no laboratorio arqueolóxico e os seus resultados a través da visualización de restos xa procesados.

>> Destinatari@s: Ed. Primaria, Ed. Secundaria e Bacharelato.

Máis información:

CastroDeza: castrodeza@depo.es 986 781 608
Pazo de Liñares: 986 181 423

Información Xeral

Recomendamos:

1. Calcular axeitadamente a hora de saída do centro escolar. Os retrasos poden dificultar a correcta realización da actividade programada e mesmo afectar negativamente a outros grupos.
2. Que un profesor ou titor acompañe sempre ao grupo.
3. Avisar con antelación sobre calquera información relevante para o óptimo desenvolvemento das actividades.

Como tramitar a reserva:

1. Unha vez escollida a data e o tipo de visita, contacta con CastroDeza no teléfono 986 781 608 ou no correo electrónico castrodeza@depo.es para formalizar a reserva do teu grupo escolar.
2. Unha semana antes da realización da actividade, recibirás unha mensaxe electrónica de CONFIRMACIÓN DE VISITA coa data, a hora e o programa a realizar.
3. Deberás confirmar a asistencia do teu grupo, cunha antelación mínima de 48 horas, para que a reserva sexa completamente válida. No caso de non existir dita confirmación, non se garante a visita.
4. O día da visita cómpre presentar no mostrador de CastroDeza a folla de CONFIRMACIÓN DE VISITA, que contén todos os datos relativos á vosa reserva.

Horarios:

Tempada alta[1] e Nadal:
10:00 – 14:00 | 15:00 – 18:00
Tempada baixa[2]: 10:00 – 15:00
Semana Santa, festivos e fins de semana de abril, maio, xuño:
10:00 – 14:00 | 16:00 – 20:00

1 Tempada alta: febreiro, marzo, abril, maio, xuño.
2 Tempada baixa: xaneiro, xullo, agosto, setembro, outubro, novembro e decembro.



Como chegar:

N 42° 39′ 39.183″ O 8° 6′ 59.342″



Contacto

CASTRODEZA

Castrodeza: lendas, castros, gastronomía

Praza de Galicia, 1 CP 36500

Lalín, Pontevedra

986 781 608

www.castrodeza.com

castrodeza@depo.es

twitter: @castrodeza2016

facebook: CastroDeza